

XVI CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN Á LECTURA, “CONTOS PARA DESPOIS DA CHUVIA”

A Campaña Municipal de Animación á Lectura, que leva por título “Contos para despois da chuva”, está baseado no traballo de Miguel Rico, que resultou gañador do VIII Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, convocado por este Departamento de Educación e Cidadanía e a Editorial Kalandraka.

Dende este servizo municipal, sentímonos moi satisfeitos da importante acollida e da repercusión desta iniciativa municipal que nos anima a seguir traballando, dando continuidade a novas propostas educativas que tanta aceptación teñen nas bibliotecas, nas librarías, entre as nenas e nenos, nas familias, e entre a cidadanía de Compostela; pero sobre todo, na comunidade educativa, especialmente no profesorado que participa activamente cada ano, contribuíndo a achegar a lectura aos nenos e nenas. Sendo conscientes da importancia de animar a ler dende as idades máis temperás para a creación dun hábito lector, entre todos conseguimos que máis de 60.000 escolares leven participado nesta iniciativa municipal.

As diferentes propostas que se desenvolven cada ano dende este servizo municipal pretenden promocionar o hábito lector como un dos elementos básicos na formación integral dos nenos e nenas de Compostela en aspectos como a información, a comunicación e o lecer.

Esta iniciativa, que xa vai pola súa XVI Edición, desenvolverase dende o 1 de abril ata o 14 de maio de 2016 e comprende un conxunto de iniciativas en prol da animación á lectura para as familias, o profesorado e os nenos e as nenas de Santiago.

CARACTERÍSTICAS PEDAGÓXICAS

Obxectivos

- Achegar a lectura aos nenos e ás nenas.
- Crear un clima agradable e motivador que favoreza a escoita e o poder da palabra como elemento evocador.
- Desenvolver unha conciencia crítica e selectiva en relación coas lecturas.
- Promover as tradicións e expresións orais en lingua galega como vehículo do noso Patrimonio Cultural Inmaterial.
- Adquirir unha sensibilidade estética, tanto no plano literario como plástico, valorando o traballo de ilustración e o deseño dos libros.
- Fomentar a creatividade e os procesos de creación.

- Estimar as producións plásticas, literarias e musicais como ben cultural e como acto de comunicación.

RELACIÓN CO CURRÍCULO

Animación á lectura/ Lingua e literatura galega/ Educación artística.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA CENTROS DE ENSINO

- Presentación da campaña ao profesorado: 5 de abril, ás 18:30 horas.
- Visitas guiadas á exposición e sesións de contacontos na Galería Sargadelos.
- Obradoiros de Ilustración con Pablo Otero.
- Obradoiros de Escrita Creativa con Alberto Barreiro “Warren”.

ACTIVIDADES NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS 0-3 MUNICIPAIS

- Sesións de contos e música:
 - 2 de maio na Escola Infantil de Conxo.
 - 2 de maio na Escola Infantil das Fontiñas
 - 3 de maio na Escola Infantil do Tambre
 - 3 de maio na Escola Infantil de Meixonfrío-Salgueiriños
 - 4 de maio na Escola Infantil de San Roque
 - 4 de maio na Escola Infantil de Tras Parlamento

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Sesión especial para educadores a cargo dun profesional de literatura infantil e xuvenil: encontro coa ilustradora Carme Solé “O oficio de ilustrar”.

Data: 14 de abril.
Hora: 18:30 horas.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ABERTAS

- Festa de clausura da XVI Campaña Municipal de Animación á Lectura.
14 de maio ás 12 horas.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DIARIAS PARA CENTROS DE ENSINO

Dirixido a: Centros de Educación Infantil e Primaria.

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

Duración: 60 minutos.

- **SESIÓNS DE CONTACONTOS con música e visitas guiadas á exposición**

Dirixido a: Nenos/as de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria.

Datas: Do 1 de abril ao 13 de maio de 2016

Nº alumnos: Número máximo 50 alumnos/as por sesión

Horario: 10h., 11h. e ás 12h.

Núm. de sesións previstas: 67 sesións

- **OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN:**

Obxectivos: Achegar aos máis cativos ao proceso de creación e valorar as producións literarias e plásticas como ben cultural e acto de comunicación.

Contido: Breve aproximación á arte de ilustrar. Encontro co ilustrador Pablo Otero.

Datas: 1 de abril, 9,10,11,12,13 de maio.

Dirixido a: Nenos/as de segundo Ciclo de Educación Primaria

Nº alumnos: Grupo - clase

Horario: Ás 10 h. e ás 11:30 h.

Núm. de sesións previstas: 11 sesións

- **OBRADOIROS DE ESCRITA CREATIVA:**

Obxectivos: achegar aos máis cativos ao proceso de creación e valorar as producións literarias e plásticas como ben cultural e acto de comunicación. Fomentar a creación literaria.

Contido: Obradoiro de escrita creativa a cargo de Alberto Barreiro "Warren".

Dirixido a: Nenos/as terceiro Ciclo de Educación Primaria

Datas: 1, 28, 29 de abril e 2,3,4 de maio.

Nº alumnos: Grupo - clase

Horario: Ás 10 h. e ás 11:30 h.

Núm. de sesións previstas: 11 sesións

ACTIVIDADES ABERTAS

- **DO BERCE Á LUA. SESIÓNS DE CONTOS PARA BEBÉS**

Obxectivo: Achegar os máis pequenos e as familias á literatura a través de cantos, rimas, ditos e contos.

Destinatarios: nenos e nenas de entre 0 e 3 anos acompañados por un adulto.

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

Data: 23 de abril (Día do Libro). Sesións ás 11:30 h. e ás 12:30 horas. Capacidade limitada. Solicitar reserva no Departamento de Educación e Cidadanía.

SESIÓN ABERTA DE CONTOS E MÚSICA PARA AS FAMILIAS

Destinatarios: nenos e nenas, nais, pais, profesorado e persoas interesadas.

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

Data: 2 de abril (Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil), ás 12:00 horas.

CLAUSURA DA XVI CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Destinatarios: Nenos e nenas, nais e pais, profesorado e persoas interesadas.

Data: 14 de maio, ás 12 horas.

Horario: 11h. a 14 h.

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

Celebrarase a clausura con contos, música e outras sorpresas, acompañados polos alumnos/as da Escola Municipal de Música.

IX PREMIO INTERNACIONAL “COMPOSTELA” DE ÁLBUMS ILUSTRADOS.

O veredito do xurado darase a coñecer, previsiblemente, o día 15 de abril de 2016.

Este programa foi incluído na solicitude de subvención á Deputación da Coruña, aprobada na Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de decembro de 2015.

Máis información: Departamento municipal de Educación e Cidadanía

Tel: 981 55 44 00 -981 55 44 01 dptoeducacion@santiagodecompostela.org